

EXPEDIENTE: 2026/E001/000005 (relacionado co expediente 2026/A008/000039)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO "GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026", AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

TRÁMITE: ANUNCIO RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES

Con data do 10/09/2026, ditouse a Resolución da Alcaldía número 532/2026, cuxo teor literal se transcribe a seguir:

EXPEDIENTE: 2026/E001/000005 (relacionado co expediente 2026/A008/000039)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO "GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026", AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES

Logo de ver a proposta da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, asinada o 09/09/2026, relativa á convocatoria e aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 1 asistente/a de dirección e administrativo/a (CNO 3613) para o proxecto "GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026", ao abeiro da subVENCIÓN da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no Marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027

Logo de ver a Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z) (DOG núm. 108, do 11 de xuño de 2026).

Mediante resolución da secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais do 11/08/2026, por delegación do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, notificada ao Concello de Dodro o 12/08/2026, e ao abeiro do disposto na orde do 22 de maio de 2026, concedéuselle ao Concello de Dodro a axuda equivalente aos custos salariais das persoas traballadoras contratadas mais a cotización empresarial á Seguridade Social derivada do devandito salario, consonte coa seguinte desagregación:

Número de traballadores	Grupo de Cotización	CNO	Duración do contrato (meses)	Xornada laboral (%)	Contía da subVENCIÓN
1	3	3613	9	100%	17.030,80 €

Importe Total: 17.030,80 €

Os contratos de traballo subscritos coas persoas mozas traballadoras seleccionadas deberán comunicarse, necesariamente, a través da aplicación Contrat@, na modalidade de cláusulas específicas de contratos vinculados a políticas activas de emprego, debidamente formalizados (código 405).

A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 29 da orde de convocatoria e para a contratación, segundo o establecido no artigo 30.1, empregarase o modelo de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego e formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención.

Consta no expediente informe de secretaría-intervención núm. 166/2026 de data 09/09/2026, de reparo non suspensivo.

Considerando que as bases reguladoras da subvención que financia a contratación, a Resolución de concesión de subvención e a disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, implican empregar a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas de emprego e que as mencionadas bases obrigan a utilizar o procedemento de selección nelas establecido, este concello poría en risco a financiación no caso de non respectar as exixencias das bases reguladoras da subvención e da resolución de concesión, polo que non poden subsanarse os defectos observados pola Secretaría-Intervención.

Así mesmo, a instrución informativa sobre o procedemento de selección para entidades locais, respecto do programa I relativo á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciado pola Unión Europea no Marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027 (procedemento TR350E), publicada na paxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, indica que:

“Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas.

As entidades locais beneficiarias non poderán esixir o pagamento de cantidades, por ningún concepto, ás persoas candidatas a seleccionar.

As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.”

Considerando indispensable e de máxima urxencia a continuación do presente expediente, en cumprimento da data límite para a formalización das contratacións establecida na Orde do 22 de maio de 2026 (DOG núm. 108, do 11 de xuño de 2026).

Logo de ver que a competencia para a aprobación das bases corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía efectuada mediante Resolución núm. 401/2023 de 27/07/2023 (BOP núm. 147 do 03/08/2023) e considerando o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avogación de competencias delegadas,

RESOLVO

Primeiro.- Avogar, en relación ao presente expediente 2026/E001/000005 a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía núm. 401/2023 de 27/07/2023 (BOP núm. 147 do 03/08/2023) de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debido á urxencia que concorre na tramitación do expediente.

Segundo.- Convocar o proceso de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha persoa moza desempregada e inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil para o posto de Asistente de dirección e administrativo (Código Nacional de Ocupación 3613), grupo de cotización 3, cunha duración de 9 meses e ao 100% da xornada laboral para a realización do proxecto denominado: *GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026*, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z) (DOG núm. 108, do 11 de xuño de 2026).

Terceiro.- Aprobar as Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, mediante oferta na Oficina de Emprego Santiago Norte e posterior concurso reservado a persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, dun/dunha Asistente/a de dirección e administrativo/a (CNO 3613), grupo de cotización 3, cunha duración de 9 meses e ao 100% da xornada laboral para a realización do proxecto “*GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026*”, ao abeiro da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, que figuran no anexo.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas orzamentarias 920/14300 e 920/16000.

Quinto.- Publicar o anuncio da presente resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Sexto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe

ANEXO

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR CONCURSO RESERVADO A PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, DUN/DUNHA ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613)

PARA O PROXECTO “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026”, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMAS XERAIS

O obxecto desta convocatoria é a contratación de 1 traballador/a para o posto de ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613), grupo 3 de cotización, en réxime laboral temporal para a execución do proxecto “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026” no Concello de Dodro, no marco da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z) (DOG núm. 108, do 11 de xuño de 2026), a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases.

Esta convocatoria está dirixida a persoas mozas, inscritas como demandantes nos servizos públicos de emprego e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral.

A contratación temporal terá unha duración de 9 meses. A xornada laboral será a tempo completo, de luns a venres, repartidas en horario de mañá/tarde segundo necesidades do servizo. Estes contratos están financiados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 e cofinanciados pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Na contratación empregárase a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas activos de emprego.

A disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego establece que as Administracións públicas poderán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego previstos nesta lei coas persoas participantes en ditos programas e que a súa duración non excederá de doce meses.

As funcións a realizar polo/a traballador/a contratado/a son as correspondentes a súa categoría profesional dentro do proxecto “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026” no Concello de Dodro, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

2. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está vinculada á concesión da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, regulada na Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z) (DOG núm. 108, do 11 de xuño de 2026).

3. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será mediante oferta na Oficina de Emprego Santiago Norte e posterior concurso de méritos reservado a persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

A selección realizarase de entre os candidatos/as remitidos/as por parte do Servizo Público de Emprego a través da presentación da correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego, atendendo ao esixido no artigo 29 da Orde do 22 de maio de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, e tendo en conta a Resolución da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais do 11/08/2026.

De acordo ao esixido no artigo 29 da Orde do 22 de maio de 2026, o Concello de Dodro solicitará á persoas traballadoras mozas mediante a presentación de oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que debe reunir a persoa moza traballadora que se contratará para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións CNO de catro díxitos. A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación.

Terán preferencia na selección a través da oficina de emprego, as persoas con maiores dificultades para a inserción laboral, por esta orde: as persoas con discapacidade, as persoas trans e as persoas en risco de exclusión social, e, a continuación, as persoas desempregadas mozas que participaran nos últimos 3 anos (2023-2024-2025), en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (código de procedemento TR353B).

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas mozas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas; as persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa a oferta de emprego público previa.

Non poderán ser contratadas, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que se relacionan a continuación:

- Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).
- Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025).

4. PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello. O resultado das probas, para os efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e localización/situación dos mesmos, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica.

5. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS

5.1. Requisitos dos aspirantes

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contratos vinculados a políticas activas de emprego:

- a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutro estado membro da Unión Europea ou daqueles estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 texto Refundido do estatuto básico do empregado público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- c) Ter cumprida a idade de dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixírase aso nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.
- e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Ser candidato/a remitido/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina de emprego Santiago-Norte.
- g) Estar en posesión da titulación mínima de bacharelato, Formación profesional de grado superior ou equivalentes.
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- h) Acreditar o coñecemento da lingua galega co Celga 4.
De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía realizarase unha proba de galego que determinará o tribunal cualificador, está proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado como APTO ou NON APTO (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).
- i) Requisitos a cumprir segundo o artigo 29 da orde do 22 de maio de 2026 (DOG núm. 108, do 11 de xuño de 2026), en todo caso, no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:
 - Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, é dicir, non superar os vinte e nove anos (idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).
 - Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego
 - Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
Ademais, para seren beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os

requisitos de non teren traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

- Non poderán ser contratadas, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que se relacionan a continuación:
 - Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).
 - Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025).

5.2. Selección dos aspirantes

Realizarase polo Concello de Dodro, de entre os que figuren nos listados de candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviados ao Concello de Dodro, unha vez presentada polo Concello as correspondentes ofertas de emprego específicas na oficina correspondente.

No suposto que no período de duración do contrato tivese lugar a baixa dalgún/dalgunha traballador/a, o concello, sempre que sexa posible, non procederá a iniciar un novo proceso de selección, senón que se chamará ao seguinte candidato/a que figurase mellor valorado na proposta do Tribunal Cualificador e cumpra a condición de persoa demandante de emprego inscrita e desempregada no momento da súa contratación.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Dodro e deberá realizarse segundo o modelo que figura como ANEXO I ás presentes bases, que incluírá unha manifestación de que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

As persoas interesadas que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta, que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo.

As persoas candidatas propostas pola oficina de emprego de Santiago-Norte deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Dodro as solicitudes e a documentación adicional para participar no proceso selectivo, no modelo que se achega como Anexo I, sendo o último día de prazo o 25/09/2026.

Presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao correo electrónico info@dodro.gal antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

A instancia (segundo modelo Anexo I) irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación:

1. Declaración responsable de que cumpre o requisito esixido no apartado b) da base 5 e de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e e) da mesma base.
2. Copia da titulación académica exixida para o posto.
3. Copia do título de Celga 4 ou o correspondente certificado equivalente.
4. Documentación acreditativa dos méritos alegados.
5. Acreditación do cumprimento dos requisitos do artigo 29 da orde do 22 de maio de 2026 (DOG núm. 108, do 11 de xuño de 2026), mediante a presentación da seguinte documentación:
 - Autorización ao concello de Dodro a comprobar os datos de identidade que figuran no DNI.
 - Copia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
 - Acreditación de constar inscrito no sistema nacional de garantía xuvenil.
 - Declaración responsable de que non recibiu acción formativa e/ou educativa no día inmediatamente anterior ao da presentación da solicitude de participación na selección.
 - Declaración responsable de non ser contratado/a por un período igual ou superior a 180 días ao abeiro das axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do ano 2025 para programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro (procedemento TR352A) e para programas de cooperación de garantía xuvenil con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro (procedementos TR350E e TR349Z).
 - Informe de vida laboral actualizado á data de presentación da solicitude de participación na selección ou ao inmediatamente anterior.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Rematado o prazo de presentación de instancias a alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

A dita resolución será definitiva de non haber excluídos/as, e será exposta no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, relacionándose as persoas aspirantes excluídas coa indicación da causa de exclusión. As persoas aspirantes excluídas disporán dun **prazo dun día hábil** para achegar as emendas das deficiencias sinaladas, ao Rexistro Xeral do Concello de Dodro. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma.

Na dita Resolución da Alcaldía determinará o lugar, data e hora de realización do concurso, así como a composición do Tribunal Cualificador.

O chamamento para posteriores probas farase público polo órgano de selección nos locais onde tivera lugar a proba anterior ou na sé do Concello.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso- Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Dodro.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador, titulares e suplentes, será designado por Resolución da Alcaldía e estará integrado por:

Presidente/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Vogais:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Secretario/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Todos os/as membros deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza de que se trate.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia de quen ostente a presidencia e a secretaría do Tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de persoal asesor especialista para as probas que estime pertinentes, que se limitará o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O persoal do Tribunal deberá absterse de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes poderán recusalo de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente.

8. SISTEMA DE ACCESO.

8.1 CONCURSO DE MÉRITOS DE FORMACIÓN

A puntuación máxima total do concurso establécese en dez (10) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

- A) Formación académica. Máximo 3 puntos.
 - i. Por estar en posesión do título de Técnico Superior de Administración e Finanzas ou do título de Técnico Superior en Asistencia á Dirección ou equivalentes: 2 puntos.
 - ii. Por estar en posesión do título de licenciatura, diplomatura ou grao: 1 puntos.

Tan so se valorará a formación académica que non fose presentada para acreditar o cumprimento do requisito de acceso ao posto.

- B) Cursos de formación. Máximo 7 puntos.

Valoraranse os cursos de formación e accións formativas en materias relacionadas directamente coas tarefas do posto de traballo convocado ou ben en materias

transversais como a prevención de riscos laborais, transparencia e protección de datos de carácter persoal, atención á cidadanía e habilidades comunicativas e sociais, ofimática e informática, novas tecnoloxías da información e comunicación. Deberán estar impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologados por estes.

- i. Por cada curso de duración superior a 30 horas e inferior ou igual a 50 horas: 1 punto.
- ii. Por cada curso de duración de 51 a 100 horas de duración: 2 puntos.
- iii. Por cada curso de duración igual ou superior a 101 horas: 3 puntos.

De ser necesario, o resultado da valoración redondearase en dous decimais para cada un dos apartados e subapartados.

8.2 EXERCICIO PROBA DE GALEGO

Obrigatorio para os que non puideron acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente da lingua galega, deberán realizar unha proba escrita proposta polo Tribunal Cualificador, cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase como APTO ou NON APTO.

9. PROPOSTA DE SELECCIÓN

Determinada a cualificación final dos procesos selectivos, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica a relación das persoas aspirantes por orde da puntuación total final, con especificación da mesma.

Será seleccionada a persoa aspirante que obteña maior puntuación.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

Os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil contados dende esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Concluído este prazo publicarase a cualificación final dos procesos selectivos, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios da sede electrónica o nome da persoa aspirante coa puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, o Tribunal elevará esta proposta, coa acta da sesión, á Alcaldía para proceder á formalización do contrato correspondente a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación total máis alta.

O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal incluírase, por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán as persoas aspirantes que non foron propostas para nomeamento, por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados para cubrir algunha baixa ou renuncia da persoa seleccionada.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais será aprobada por Resolución da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica.

A persoa aspirante incluída na proposta de contratación do Tribunal Cualificador, cando fose chamada para a incorporación ao traballo, presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 1 día hábil (contado a partir do día seguinte a aquel en que foi requirida para iso) os documentos orixinais que acrediten que cumpre os requisitos esixidos nas Bases 5ª, 6ª e 8ª desta convocatoria, así como informe médico actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.

Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de 1 día hábil, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

10. NORMATIVA APLICABLE

O proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba a Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de pertinente aplicación.

11. RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, vostede pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR CONCURSO RESERVADO A PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, DUN/DUNHA ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026”, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

NOME E APELIDOS:

DNI:

ENDEREZO:

(rúa/lugar, número, código postal e localidade, aos efectos de notificacións)

TELÉFONO:

(no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren)

CORREO ELECTRÓNICO:

(no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren)

Sendo remitido polo Servizo Público de Emprego para a participación na convocatoria de selección, por concurso reservado a persoas mozas inscritas no sistema Nacional de Garantía Xuvenil, de 1 traballador/a para o posto de ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) no proxecto “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026”, en réxime laboral temporal, ao abeiro da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ GALICIA 2021-2027

SOLICITO, tomar parte no devandito procedemento selectivo para o posto de ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A

DECLARO, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.

AUTORIZO ao concello de Dodro a comprobar os meus datos de identidade que figuran no meu DNI, segundo a normativa de protección de datos, e á publicación dos meus datos persoais (siglas do nome e apelidos e DNI anonimizado) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, conforme ao principio de publicidade nos procedementos de selección.

ACHEGO *(márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):*

- ☐ Declaración responsable de que cumpre o requisito esixido no apartado b) da base 5, así como de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e e) da mesma.
- ☐ Copia da titulación académica exixida para o posto.
- ☐ Copia do Celga 4 ou equivalente.
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- ☐ Copia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- ☐ Acreditación de constar inscrito no sistema nacional de garantía xuvenil.

- ☐ Declaración responsable de que non recibiu acción formativa e/ou educativa no día inmediatamente anterior ao da presentación da solicitude de participación na selección.
- ☐ Declaración responsable de non ser contratado/a por un período igual ou superior a 180 días ao abeiro das axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do ano 2025 para programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro (procedemento TR352A) e para programas de cooperación de garantía xuvenil con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro (procedementos TR350E e TR349Z).
- ☐ Informe de vida laboral actualizado á data de presentación da solicitude de participación na selección ou ao inmediatamente anterior.

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR CONCURSO RESERVADO A PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, DUN/DUNHA ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026”, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

NOME E APELIDOS:

DNI:

DECLARO RESPONSABLEMENTE (*sinalar cunha X*):

☐ Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.

☐ Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixírase aso nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.

☐ Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR CONCURSO RESERVADO A PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, DUN/DUNHA ASISTENTE/A DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2026”, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

NOME E APELIDOS:**DNI:**

DECLARO RESPONSABLEMENTE (*sinalar cunha X*):

__ Que non recibín acción formativa e/ou educativa no día inmediatamente anterior ao da presentación da solicitude de participación na selección.

__ Non ser contratado/a por un período igual ou superior a 180 días ao abeiro das axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do ano 2025 para programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro (procedemento TR352A) e para programas de cooperación de garantía xuvenil con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro (procedementos TR350E e TR349Z), que se relacionan a continuación:

- Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).
- Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025).

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO”

O que se publica para os efectos oportunos

Documento asinado electronicamente

Dodro, 10 de setembro de 2026

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís